

O MUIÑO E O MUIÑEIRO

A través da historia houbo varios tipos de muiños: o chairo, o circular de man, o de río, o de vento afora, o muiño eléctrico.

Cando se inventou o muiño de río pouca xente podía telo. Para ser dono dun muiño había que ter propiedade no río e cartos para facer a obra.

Despois, mentres os probes moían a man un ferrado de pan, o mais rico do lugar podía moer 50 ferrados sen baixar o lombo xa que o río era quen facía o traballo. Os probes decatáronse de que perdían moito tempo en moer a man e foron co gran ó muiño, que inda que a auga viña das nubes, que el tivese que lle facer unha presa e unha canle moi longa para que chegase con forza ao rodicio. Os probes tiveron que lle pagar ao dono do muiño deixándolle para el unha parte do gran que moían.

Co tempo algún muiño foi a única propiedade que tiña o muiñeiro; e así vivía soamente das maquías que cobraba aos labregos pobres, sen muiño propio. Tamén houbo campesiños que xuntando as forzas e os cartos de todos, fixeron un muiño para eles e así non tiveron que pagar a ninguén.

DEFINICION

Son construcións antigas de carácter laboral que serven para producir fariña. Poden ser de rodicio ou vento.

CURIOSIDADES

Nas portas temos detalles curiosos. Cruces, que segundo os vellos eran para morrer en paz. Tamén hai quen di que a xente, antes, ao chegar aos muiños e mirar que estaba funcionando poñíanse a esculpir facendo máis tipicamente cruces. A que máis probabilidades ten de ser certa é a que di que as cruces facíanse para que as meigas non entraran a roubar fariña.

A fiestras son anchas por dentro e rematan nun burato vertical estreito en forma de pirámide. Así, a fariña non marcha para fóra e pódese aproveitar mellor.

Dos muiños soamente se encargaban os vellos.

Algúns muiños tiñan a casa contigua, é dicir, estaba o muiño e por un lado había unha porta, que daba a unha habitación na que durmía só o home. Destes muiños non soían ser dunha soa persoa, senón que os veciños poñíanse de acordo e decidían comprar un terreo a beira dun río e levantalo. Cada un tiña unha chave e unhas horas diarias.

Case sempre, xunto ao muiño, hai un lavadoiro.

Os que construían un muíño chamábanse "muiñeiros" e despois de acabalo vivían durante un día e unha e unha noite no muíño.

Tradicionalmente, polo San Xoán, moita xente ía coller fariña ao muíño do veciño.

A cubeta ou cubo dun muíño é moi perigosa posto que absorbe para abaixo e pódese afogar alguén. Xa teñen morto moitos nenos nestes buratos. Por iso póñense rellas de ferro ou de madeira.

FUNCIONAMENTO:

O auga encorgábase e despois facíase pasar polo cal do muíño que levaba ata un espazo fondo onde se atopa o rodicio que é unha roda de ferro con aspas nas que se bate a auga, e fai que se mova toda a peza con diferente velocidade, segundo se lle abra enriba o paso da auga.

O eixe do rodicio está xunguido cunha pedra de moer que xira rente doutra pedra que está fixa. O gran (millo, centeo, trigo) bótase polo canle da moega que ten un xeito de funil e vai caendo vagariñamente na moa onde as dúas pedras transforman o cereal en fariña. O farelo e o cosco do cereal que se separa despois de peneirar a fariña.

PROBLEMAS:

Os mozos e mozas soían ir durmir nos muíños e fíxose un tratado de que non se podía facer isto posto que o muíño era como un templo que lles proporcionaba o pan de cada día (multas graves).

Moitos muíños foron desaparecendo pouco a pouco por problemas económicos e por persoas irresponsables que foron abandonando. O tempo foi derruíndoos pouco a pouco, oxidando a roda (se e de ferro) e podrecendo a madeira do teito e demais.

PARTES:

As partes que máis costaban eran o grilo e a obradeira. Ámbalas cousas eran de metal, a última de ferro ou bronce.

As pedras xiratorias eran esculpidas e despois as demais pezas.

ARQUITECTURA:

Os muíños soen ser cadrados e o seu tellado de 2 maneiras: ou de madeira somentes ou de madeira que sostén tellas.

As paredes están feitas de pedras pequenas con barro. Para facer o muíño tardaban un promedio de 2 anos. Facíannos os muiñeiros. As xanelas eran feitas por dentro, é dicir, poñían as pedras embanadas e despois un picapedreiro ía esculpindo a xanela.

DECAEMENTO DA ACTIVIDADE ECONOMICA DOS MUIÑOS

Segundo estudos feitos, sábese que os muiños do río Bouzós tiveron unha grande actividade dende o século XVI, sendo o seu apoxeo no século XVIII coa implantación do millo. No catastro do Marqués da Ensenada (1752), recóllese a existencia de 32 muiños na parroquia, todos de pedras 'negreiras', dous de eles con dúas rodas que moían doce meses do ano.

O número era moi semellante ó de agora, e hai máis ou menos vinte anos que comezaron a desaparecer.

O decaemento económico actual é debido:

- Cambio na alimentación. O pan de millo deixou de se-la base da alimentación en favor do pan de trigo.
- Diminución da cabana gandeira, consumidora tamén de parte destas fariñas. Hai uns vinte cinco anos había censadas preto de dúas centas reses. Agora non hai ningunha parella de bois, e as vacas pode que non cheguen á ducia.
- Cambio do sistema de vida, abandono do agro en favor da industria e servicios.
- Introducción dos muiños eléctricos.

LITERATURA:

Molinera, molinera
que desconsolada estás
desde el día de tu boda
no paraste de llorar.

Fun ó muiño con Paula
fun o muiño con ela
ela durmiu nos meus brazos
eu dormín nos brazos dela.

Muíño e muiñeiro
Quérote con gran fervor
Porque eu te sinto
latir o meu corazón

Unha noite no muiño
unha noite non é nada
unha semana enteira
esa sí que é muiñada.

Vente conmigo al molino
y serás mi molinera
comerás del pan que yo coma
y morirás del mal que yo muera.

REFRÁNS:

"As que ao muiño van, se son bonitas logo as moerán".

"Os que ao muiño van traballar, un saco de fariña traerán".

MUIÑOS QUE FUNCIONAN ACTUALMENTE:

Por orde xeográfica.

MUIÑO	PROPIETARIO -	DIAS DA SEMANA
Souto (Xestido)	- Jesús Souto	- Luns-sábado.
Santos	- Irmáns Santos	- Sábados.
Pisco	- Julio Pisco	
Xosé Portela	- Xosé Portela	
Novás	- Manuel, Valentín, Canastriños, Maximina	
Juan	- Juan	- Todos os días.

RELACION DE MUIÑOS:

A) Río Bouzós

PROPIETARIOS (Por orde xeográfica)

SOUTO:	José Gestido, Irmáns Santos (2), Julio Pisco.
DEVESA:	Familia Costas, Martín, D. Xosé Orxa, Francisco Fausto, ruínas (2).
ROSADA:	Fanico, Cecilia Chapela, Xosé Portela.
NOVAS:	Alvaro, Manuel de Braulio.
SIXTRO:	Canaza (por tradición), Juan, Canteira, Mixa.
LOUSAN:	Cecilia Chapela, Criselda.
VERIN:	Pazo de Verín (2).
OLMOS:	Xosé Montexano, Chuco (2).
REBOREDO:	Graciana (2), Cándido, Carola.

B) Río Saíñas

A GRAÑA: Gadaña.

ESPIRITOSANTO: Pozo Vello (en ruínas), Parra, Salgueiros, Xaramo, Cornilló.

No río Riomoje hai un muíño que recibe tres nomes: Rabiso, Bernárdez e Riomoje (no canto), propiedade de Xosé Bernárdez.

COSTUMES E LENDAS

Nos días de troula soíase facer a festa no muíño. Cada un levaba o que tiña para comer, beber e divertirse. Na noite de San Xoán, as meigas, mentres a xente estaba na festa, dedicábanse a destruír muíños. Primeiro danzaban arredor del e facían unha fogueira. Despois a base de cantigas, refráns e ditos facían que o muíño desaparecese. Ao rematar esta feitura, unha meiga tiña que durmir durante un ano.